

---

## **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A IMPLANTACIÓN DA TARXETA CIDADÁ MUNICIPAL DE SANTIAGO**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo do acordo é impulsar a implantación dunha tarxeta cidadá en Santiago de Compostela que facilite a relación da cidadanía coa administración local a través da simplificación de trámites e da racionalización e unificación do tratamento de datos.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Concello de Santiago avanzou nos últimos anos na implantación da Administración electrónica, procurando unha xestión dos trámites municipais máis eficiente e coordinada entre os diferentes servizos municipais, así como a dixitalización da maior parte dos procesos. Coa tecnoloxía que permite a interconexión dos sistemas, da información e unha mellor coordinación dos departamentos municipais, a administración local conta agora coas ferramentas precisas para estudar a creación dunha tarxeta cidadá, que poida funcionar como ferramenta para acceder aos servizos municipais, como xa existe noutros concellos dende hai tempo.

O obxectivo das tarxetas cidadás é simplificar a relación cotiá da cidadanía coa administración local e cos seus diferentes departamentos e servizos. Con esta ferramenta, de carácter unipersoal, facilitaríase o acceso das persoas empadroadas aos servizos municipais e o pagamento daqueles que non son gratuítos, como poden ser o transporte urbano ou o uso das instalacións deportivas. Cunha única tarxeta, que debe ser gratuíta e de uso tanto físico como virtual, as persoas titulares poderían cargar os bonobús do transporte público, pagar o ticket da ORA ou dos estacionamento de xestión municipal, reservar billetes ou mesmo o abono do Auditorio de Galicia ou do Teatro Principal, reservar e acceder ás instalacións deportivas municipais ou ás actividades con reserva de praza da rede de Centros Socio culturais, ou consultar e acceder á administración electrónica e á carpeta cidadá para xestionar os datos ou peticións relacionadas co padrón, coas multas, cos tributos ou co pagamento das diferentes taxas.

A tarxeta cidadá permitiría mesmo habilitar descontos diferenciados no pagamento dos servizos non gratuítos en función da renda e situación socioeconómica das familias, a través dunha ordenanza, de xeito fácil e sen a farragosa burocracia. Esta simplificación de trámites non só sería moi útil para a cidadanía, senón que tamén tería moitas vantaxes para a propia xestión administrativa interna do Concello, posto que simplificaría trámites e unificaría a información que actualmente pode estar tratada de forma independente entre distintos departamentos aínda sendo datos e peticións similares. Deste xeito, a medio prazo, a tarxeta suporía tamén un aforro de custos para a propia administración pública.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

- **O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de goberno a estudar a posibilidade de implantación dunha tarxeta cidadá de ámbito local en Santiago de Compostela que facilite o acceso aos servizos municipais de todo tipo e, en xeral, a relación da cidadanía coa administración local a través da simplificación de trámites e da racionalización e unificación do tratamento de datos.**

  
María Rozas Pérez  
GRUPO MUNICIPAL  
Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



**Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO**